



**PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS ESTRATÉXICAS EN INFRAESTRUTURAS VIARIAS E DOTACIONAIS.**

En Vigo, a 20 de Novembro de 2015

**REUNIDOS:**


Dunha parte, **Dª María del Carmen Silva Rego**, quen actúa no nome e representación da **Excma. Deputación Provincial de Pontevedra**, en virtude do seu cargo como Presidenta do devandito Organismo.

Doutra parte, **Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vigo**, en virtude da súa condición de Alcalde - Presidente da citada Corporación.

Ámbalas partes recoñécense, no concepto no que respectivamente interveñen, coa capacidade legal necesaria para asinar o presente protocolo de colaboración, e para o efecto,

**EXPOÑEN**

I.- Que a Deputación Provincial de Pontevedra, de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, é competente para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios. Dita cooperación convértese en obrigación naquelhas materias cuxa competencia foi atribuída ás Deputacións provinciais trala aprobación da Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, que establece como fins





propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais.

II.- Que o artigo 25. 2. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL) atribúe ás Administracións municipais o ámbito das competencias propias, entre as cales, destacan pola súa importancia no desenrolo do municipio as vinculadas coas actuacións sobre a infraestrutura viaria, a promoción do deporte e as instalacións deportivas, a promoción da cultura e a promoción da actividade turística.

III.- A Deputación Provincial e o Concello de Vigo comparten o criterio ou principio de que os concellos deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as Deputacións deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadar os mesmos dereitos e servizos.

IV.- A colaboración entre ambas institucións permitirá a realización de diversas actuacións que melloren os servizos á ciudadanía. Esta colaboración interinstitucional, baseada no principio de protagonismo dos concellos como axentes decisarios das políticas municipais e, en desenvolvemento das competencias que a lexislación vixente atribúe á administración local, inicia unha nova xeira nas relacións e colaboración entre as institucións asinantes e afonda na conxugación dos principios que rexen as relacións entre o Concello e a Deputación mediante a planificación e desenvolvemento de accións coordinadas nos temas e ámbitos que se relacionan de seguido e que se consideran prioritarios:



## **1.- Infraestruturas públicas.**

Dentro desta área, o "Plan de acción estratégico para o desenvolvemento local" do Concello de Vigo establece como prioridades as actuacións encamiñadas á transformación sostenible da infraestrutura viaria municipal. Estas actuacións deberán atender de xeito transversal criterios de sostenibilidade medioambiental e mellora da accesibilidade como valores para a consolidación dunhas infraestruturas más integradoras e abertas para o desfrute dos veciños e que contemplan as actuacións en:

- Novos accesos viarios rodados e peonís.
- Novas comunicacións accesibles e sostenibles.
- Reformulación integradora das infraestruturas de comunicación.
- Extensión de redes de saneamento e abastecemento.
- Actuacións de mellora da calidade medioambiental dos espazos públicos.

## **2.- O Deporte:**

Dentro desta área, son prioritarias as actuacións encamiñadas a potenciar a consolidación do deporte como un elemento integrador, posibilitando a consolidación das novas demandas socias.

Con actuacións en materia de:

- Mellora e ampliación da rede de infraestruturas deportivas públicas.
- Novos equipamentos deportivos.
- Impulso ao tecido asociativo deportivo como eixo para potenciar a participación da cidadanía.
- Apoio ás escolas deportivas.



### **3.- A Cultura e a educación:**

Con accións de promoción da cultura como un gran valor para o desenvolvemento da identidade local. As accións neste ámbito deberán potenciar a participación da sociedade no fomento da cultura, ao tempo que facilite a ampliación da oferta local e a mellora da rede das súas infraestruturas. Incluirá tamén actuacións que permitan un maior nivel de cualificación das persoas en materia de educación xeral e cultural.

Concretaranse as actuacións nas seguintes prioridades:

- Equipamentos culturais.
- Programas e actividades de fomento da cultura.
- Apoio as iniciativas de cualificación educativa.
- Apoio a rede museística.
- Accións de atracción das actividades culturais.
- Apoio ao tecido de participación cultural.

### **4.- A promoción do emprego:**

As accións propostas deberán establecer procedementos para avanzar na igualdade no emprego de homes e mulleres, potenciar a inserción laboral dos colectivos con más dificultades de inserción no mercado de traballo, atención a desempregados por causa da crise económica, así como potenciar a creación de emprego vinculado ás novas necesidades dos servizos municipais.

### **5.- O Turismo:**

Con actuacións que potencien a posta en valor dos recursos naturais no ámbito municipal, destacando o gran valor turístico da marca "Illas Cies", ao tempo que se apoiarán accións encamiñadas á conseguir que este enclave natural sexa



considerado Patrimonio da Humanidade. Asimesmo, se impulsará a utilización das tecnoloxías da información como ferramenta para difundir a promoción do municipio.

As actuacións na materia centraranse en:

- Mellorar da eficiencia da promoción turística.
- Consolidar os valores de Vigo como destino turístico diferenciado.
- Promocionar os recursos naturais e paisaxísticos municipais.
- Apoiar as actividades de divulgación da oferta turística.

Por todo canto antecede, as partes asinantes formalizan o presente Protocolo de Colaboración, consonte ás seguintes:

### **CLÁUSULAS**

**Primeira.-** A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comprométense a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, expresamente, na cooperación para a planificación e execución dos proxectos e actuacións que se sinalan no presente Protocolo así como doutras infraestruturas ou actuacións que no futuro se poidan acordar ao longo do presente mandato.

**Segunda.-** Ambas institucións comprométense a axilizar ao máximo posible os estudos previos, anteproxectos, proxectos e memorias valoradas das actuacións a conveniar para o desenvolvemento do presente acordo de colaboración.

**Terceira.-** As obrigas que asumirán cada unha das partes asinantes en cada un dos eidos de colaboración enumerados, referidas á redacción e xestión dos proxectos executivos así como verbo dos correspondentes compromisos de financiamento, titularidade e mantemento das infraestruturas e dotacións, concretaranse nos



correspondentes convenios inter-administrativos a asinar, aos que se poderán incorporar outras Administracións ou axentes implicados.

**Cuarta.**- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, establecen as seguintes fases para o desenvolvimento desta acción conxunta:

- 1.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, establecerán un calendario de traballo e determinarán os prazos máximos para o desenvolvimento das actuacións.
- 2.- Ambas institucións comprométense a axilizar ao máximo posible as actuación a conveniar para o desenvolvimento do presente acordo de colaboración.
- 3.- O Concello de Vigo, unha vez aprobados os convenios que regulen o desenvolvimento das actuacións, asumirá a súa execución administrativa, técnica e contractual obligatoria, para o cal se deberán establecer os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos Convenios.
- 4.- O Concello de Vigo manterá unha comunicación continua coa Deputación Provincial de Pontevedra sobre o estado desenvolvimento das actuacións derivadas dos citados Convenios.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente Protocolo por duplicado e a un só efecto no lugar e data sinalada no seu encabezamento.

A Presidenta da Excma. Deputación  
de Pontevedra

Maria del Carmen Silva Rego

O Alcalde-Presidente do Excmo.

Concello de Vigo

Abel Caballero Álvarez



